

Exposición  
**"7+1 PROJECT ROOMS"**

Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación primaria**  
De 6 a 12 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

**"7+1 PROJECT ROOMS"**

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Primaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición traballaremos aspectos clave da educación artística, estética e emocional, a través do diálogo con nós mesmos e coas propias obras.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde los participantes crean as súas propostas, neste caso pequenas "Project Rooms" que se presentan nun espazo de exposición reservado especialmente para eles.

## A exposición

A exposición '7+1 PROJECT ROOMS' é unha mostra do traballo de 8 artistas recoñecidos internacionalmente, de diferentes países e xeracións, pero cun denominador común, o interese polos temas sociais. Gerardo Mosquera é o comisario desta exposición que é a suma ou combinación de 8 proxectos realizados cada un deles para un lugar específico do museo. 7 destes artistas presentan as súas obras na planta baixa do museo, e 1 na fachada: de aí o título da exposición, '7+1 PROJECT ROOMS'. As obras, sexan novos proxectos ou adaptacións de obras anteriores, foron realizadas especificamente para cada 'room' ou espazo, mantendo a súa independencia pero sumando, unha a unha, diferentes formas de ver ,entender e sentir a arte e a expresión contemporánea.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com) (actualmente en proceso de renovación). No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, información sobre os artistas e imaxes da exposición.

## Posibilidades didácticas

'7+1' é o título elixido para a programación escolar que se ofrece en paralelo á exposición '7+1 PROJECT ROOMS'. O obxectivo xeral é a utilización da arte contemporánea para contribuír ao desenvolvemento das capacidades de observación e reflexión. En contacto directo coas obras procuramos que os participantes logren gozar das obras e artistas desta exposición, e comprender a información que ofrece a obra de arte.

A través da visita, dende sete perspectivas diferentes, seleccionadas en función das posibilidades didácticas das obras e das idades do alumnado, pretendemos contribuír á construción de coñecementos que ofrezan o alumnado distintas posibilidades para relacionarse nun futuro non só coa arte senón tamén co mundo que os rodea.

Procuramos desenvolver a visita a través do diálogo, baseado nun intercambio de información entre as obras de arte e o coñecemento ou experiencia previa dos alumnos/as. Por medio dun método non narrativo o educador actúa como ponte entre o público escolar e a arte contemporánea, intentando que observen os elementos que compoñen a obra, que obteñan información e que sexan capaces de pensar e reflexionar sobre o seu contido.

No taller desenvólvese a última proposta, na que pretendemos traballar de forma práctica os conceptos tratados durante a visita. Combinacións libres de cores e formas son a base do traballo a realizar no 'Laboratorio das artes'. Os participantes na visita son agora os protagonistas da creación artística nun espazo 'room' reservado especialmente para eles. O proxecto artístico de cada participante únese ao dos seus compañeiros contribuíndo a crear unha instalación colectiva. Cada participante creará á súa vez unha obra para levar consigo como recordo da súa visita.

Exposición  
**"7+1 Project Rooms"**

Un programa educativo para escolares  
**Actividades: educación primaria**  
De 6 a 12 anos

**Idades:** de 6 a 12 anos

**Conexión con materias**

- Educación artística
- Coñecemento do medio natural, social e cultural

**Obxectivos xerais**

- Educar a mirada
- Aprender a observar e falar da arte contemporánea
- Reflexionar sobre o tema e recursos dunha obra
- Traballar técnicas de observación e descrición visual
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto
- Promover a participación, a comunicación e o diálogo
- Mellorar a comunicación interpersonal e intrapersonal

**Habilidades e capacidades a desenvolver**

- Observación
- Análise visual
- Espírito crítico
- Creatividade
- Percepción
- Sensibilidade estética
- Aprendizaxe en equipo
- Comunicación

**Proposta didáctica**

- Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
- A visita á exposición
- O obradoiro no MARCO
- Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

## Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

### 1. A caixa de sorpresas

#### Tipo de actividade

Reflexión sobre diferentes obxectos e materiais e sobre a súa utilización en obras de arte contemporánea

#### Duración

2 sesións de 50 minutos

#### Descrición da actividade

Proximamente visitaremos o MARCO, un museo de arte contemporánea, e dende alí chegounos unha caixa de sorpresas con obxectos e materiais que non sabemos a quen pertencen. O noso obxectivo é descubrir que estes elementos da caixa tamén poden utilizalos os artistas nas súas obras: obxectos diversos con finalidades expresivas moi diferentes.

Escolleremos os obxectos procurando que os alumnos poidan recoñecelos e falar deles con facilidade. Dedicarémonos a observar, falar, expresar, asociar ideas e describir os obxectos.

#### **Desenvolvemento da actividade:**

En primeiro lugar o/a profesor/a conseguirá algúns dos obxectos suxeridos na seguinte lista. Tamén podemos utilizar imaxes que os substitúan, pero é preferible traballar con obxectos reais para poder apreciar a textura, tamaño, etc.

Para facilitar o diálogo e conseguir mellores resultados, os obxectos poden seleccionarse en función das idades do grupo, ou poden substituírse libremente por outros que se consideren máis axeitados. Unha vez seleccionados meterémolos nunha caixa, procurando coidar a súa presentación, xa que se trata dun xogo, dunha 'caixa de sorpresas'.

Lista de obxectos:

- Unha botella pequena de auga
- Unha moeda ou billete
- Unha pedra
- Un anaco de madeira
- Unha esponxa
- Un tanque, pistola ou soldado de xoguete
- Un pincel
- Unha fotografía dunha viaxe
- Unha flor de plástico
- Unha regra
- Un rolo de cinta de embalaxe
- Unha madeixa de la
- Un pouco de algodón
- Un misto
- Un diccionario

Dividimos a clase en grupos de 5 e entregamos a cada grupo un obxecto, expoñéndoo no centro da súa mesa de traballo. En primeiro lugar, cada alumno escribe nunha folla en branco o nome do obxecto e debúxao. A continuación faremos unha **primeira rolda** de participación de forma que cada grupo poida falar do seu obxecto:

- Que é isto?
- Que nome ten?
- De que material está feito?
- Onde se atopa?
- Para que serve?
- Quen o utiliza?
- Como está feito?
- Coñeces ou tes obxectos parecidos?

Podemos continuar engadindo preguntas dependendo do obxecto e en función da idade dos alumnos.

A continuación imos descubrir en que nos fai pensar este obxecto. Para iso comezamos unha **segunda rolda** na que os participantes, de forma rápida, formulen ideas ou palabras que relacionan espontaneamente co obxecto. Podemos pedirles que recorden algunha experiencia ou vivencia persoal que asocien con ese obxecto, ou que nos falen do que lles suxire a súa forma, o seu material ou a súa función. As respostas son todas válidas, xa que non existen asociacións, ideas ou recordos incorrectos. Ao rematar esta rolda rápida, podemos suxerir que completen ou aclaren as súas respostas.

É importante que o/a profesor/a escriba no encerado os nomes, descricións e pensamentos que suxiren os obxectos a medida que van xurdindo. Desta forma observaremos que as respostas da primeira rolda se complementan para lograr unha única descrición, e que na segunda rolda os recordos, pensamentos ou asociacións de cada membro do grupo poden ser totalmente diferentes.

Finalmente, e con todas as respostas á vista, volveremos falar de cada obxecto, recordaremos a súa descrición e nomearemos outros obxectos que podemos relacionar —pola súa forma, material ou función— co obxecto que estamos a tratar, por exemplo: a botella de auga pódese relacionar cun vaso pola súa función; unha pedra pódese relacionar cun muro polo seu material; un anaco de algodón pódese relacionar cunha nube pola súa forma.

Á súa vez completaremos o traballo intentando clasificar as respostas da segunda rolda entre pensamentos, experiencias ou asociacións, por exemplo: o soldado de plástico relacionouse coa guerra (asociación), cun xoguete que tiñamos (recordo), ou cunha noticia que vimos na televisión (experiencia).

### **Queres continuar...?**

Pide aos teus alumnos que substitúan o contido da caixa por outros obxectos, para repetir a actividade con obxectos seleccionados por eles mesmos.

## 2. Un mundo de ideas

### Tipo de actividade

Creación dun proxecto artístico a partir da reflexión e do diálogo sobre unha idea.

[Invertimos a forma de traballo da actividade anterior, de forma que agora son as ideas as que nos suxiren obxectos ou materiais].

### Duración

2 sesións de 50 minutos

### Descrición da actividade

Aínda que é interesante realizar previamente a actividade anterior ('A caixa de sorpresas'), esta proposta pódese realizar de forma independente.

Durante a visita ao MARCO veremos unha obra composta unicamente por palabras. É unha obra que sorprende, xa que aínda que as palabras son a base da nosa comunicación, non esperamos atopalas nunha obra de arte.

En primeiro lugar abriremos unha **sesión de diálogo** para pensar na forma en que as persoas utilizamos as palabras. A seguinte lista de preguntas ofrece posibilidades para comezar a falar, e pode ampliarse canto sexa necesario:

- Onde atopamos as palabras?
- Para que as necesitamos?
- Que tipos de palabras existen?
- Que obxectos relacionamos coas palabras?
- Que tipo de palabras asociamos coa beleza?
- Que tipo de palabras asociamos coa alegría?
- Que tipo de palabras relacionamos co ruído?
- Que tipo de palabras relacionamos co movemento?

A través do diálogo e da reflexión procuramos observar como utilizamos as palabras de diferentes formas a través da fala ou da escrita; como as palabras chegan a nós por diferentes medios —un libro, unha persoa, un anuncio...— e como asociamos algunhas palabras a determinados conceptos ou ideas.

A continuación propoñemos un xogo que consiste en crear unha obra de arte a partir dunha única palabra. Todos os participantes, sen sabelo, traballarán sobre o mesmo concepto ou idea. Para iso entregaremos un sobre que contén unha palabra a cada alumno. Ninguén pode dicir a palabra que ten, nin mostrar a súa obra, de forma que o resultado sexa secreto ata o final. Cada un debe pensar e reflexionar sobre esta palabra, realizando unha lista o máis ampla posible con todo o que este termo lle poida suxerir. A lista da ficha 'Palabras/ideas' (na páx. seguinte) pode axudarnos.

Preferiblemente será o/a profesor/a quen decida a palabra máis axeitada para o grupo. A sesión de diálogo anterior pode axudarnos, pero aquí temos algunhas suxestións de palabras clasificadas por nivel de dificultade, para seleccionar en función da idade dos participantes:

| <b>NIVEL 1</b> | <b>NIVEL 2</b> | <b>NIVEL 3</b> |
|----------------|----------------|----------------|
| Familia        | Xente          | Suavidade      |
| Mar            | Ledicia        | Guerra         |
| Montaña        | Xogo           | Romper         |
| Rúa            | Auga           | Valor          |
| Rapidez        | Compartir      | Alimento       |
| Querer         | Amizade        | Volver         |

Unha vez seleccionada a palabra fotocopiámola e metémola en sobres para repartila a cada un dos alumnos, xunto coa ficha de traballo 'Palabras/Ideas'. Despois de realizar a ficha deben seleccionar unha idea de todas aquelas coas que asocien esa palabra, para crear unha obra de arte que teña relación con ela. Non se trata de representar o que a palabra significa, senón de crear algo relacionado con ela.

Poden realizar as súas obras escollendo eles mesmos a técnica: debuxo, pintura, colaxe, modelada, fotografía, etc., ou mesmo mesturar varias técnicas. Para finalizar exporemos todas as obras e cada artista explicaranos o que mostra na súa obra, e por que escolleu ese tema para relacionalo coa súa palabra. Observamos as diferentes asociacións ás que deu lugar unha mesma palabra, e as distintas formas que escollimos para representar unha mesma idea.

## Palabras/Ideas

Abre o sobre que contén a túa palabra secreta e intenta responder a estas preguntas:

- Que che suxire esta palabra?
- Con que idea/ideas a relacionas?
- Que outras palabras relacionas con ela?
- Que experiencia ou recordo persoal che suxire esta palabra?
- A que se asocia xeralmente esta palabra?
- Cando a utilizaches por última vez?
- Cando a escoitaches ou liches por última vez?
- Que frase escribirías espontaneamente que conteña esa palabra?
- Como describirías o que significa?
- Se fose unha persoa quen sería?
- Se fose un animal, cal sería?
- Se fose un obxecto, cal sería?
- Se fose un verbo, cal sería?
- Como a representarías cun debuxo?

## VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

### Educación Primaria

#### **A visita á exposición**

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cal é a súa función, e que tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver: '7+1 PROJECT ROOMS'. A través de sete puntos de vista, sete pasos para comprender a arte contemporánea, achegámonos á creación artística procurando aprender a ver, pensar e gozar da arte. Cada 'paso' que deamos achega un punto de vista diferente que se suma aos anteriores, co obxectivo de entender a arte como unha combinación de materiais, técnica, espazo, tema, participación, experiencia e reflexión.

#### **O obradoiro no Laboratorio das Artes**

A oitava proposta desenvólvese no espazo de creación do museo, o 'Laboratorio das artes'. Aquí cada participante presentará a súa proposta a partir duns materiais que traballará con liberdade e de forma independente, pero co fin de achegar a súa visión individual, que se sumará ás dos seus compañeiros/as na creación dun proxecto específico para un espazo expositivo reservado especialmente para esta actividade. Ao finalizar exporemos o conxunto de obras como unha soa obra resultado da suma ou combinación de todas as propostas creativas dos alumnos/as.

## Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

### 1. **MINI-rooms**

#### Tipo de actividade

Creación dunha instalación artística a partir dun tema ou idea

#### Duración

2 sesións de 50 minutos

#### Descrición da actividade

Durante a **primeira sesión** faremos un breve repaso dos conceptos que aprendimos durante a visita ao MARCO. As obras que nos presentaban os artistas contemporáneos foran realizadas para espazos específicos: cada obra ocupaba unha das salas do museo.

- Podes recordar qué obras visitamos?
- Cal é a que máis che gustou?
- Cal é a que menos che gustou?
- Cal é para ti a máis orixinal?
- Que obra pensas que levou máis tempo ou máis traballo realizar?

Os artistas empregaban materiais e técnicas moi diferentes para comunicar os seus sentimentos, pensamentos ou emocións:

- Recordas de que materiais estaban realizadas as obras?
- A que chamabamos a técnica artística?
- Que material che sorprende máis?
- Hai algún material que non coñecías?
- Hai algún material que non esperabas ver nun museo?
- Que obra te chamou máis a atención pola súa técnica?
- Que técnica das que vimos é para ti a máis innovadora?

A arte contemporánea non sempre ten unha función estética; moitas veces o artista non se conforma con que contemplemos algo e as súas obras están cargadas de mensaxe. Hai artistas que se preocupan polos temas sociais e as súas obras son a miúdo un reflexo da sociedade na que viven:

- Recordas o tema dalgunha obra que che gustara especialmente?
- Por que cres que os artistas falan da sociedade?
- Que tema che gustaría tratar nunha obra se foses un artista?

O tipo de obras que vimos no museo chámanse **instalacións**: pezas creadas para un determinado espazo que se converte á súa vez en parte da obra.

A **segunda parte** da actividade consiste na creación individual dunha instalación a escala. Chamámoslles 'Mini-Rooms' recordando o título da exposición que visitamos no MARCO: '7 +1 Project Rooms'. Faremos uso da nosa creatividade e de todo o aprendido no museo para converter a nosa instalación nunha obra de arte.

### **Proxecto Mini-Room**

'Project Room' é un termo utilizado para definir os proxectos (Projects) de artistas realizados para determinados espazos ou 'cuartos' (Rooms), neste caso nun museo. No MARCO vimos como cada artista realizou obras moi diferentes para espazos parecidos.

Nesta actividade cada participante disporá dunha caixa sen tapa que se converterá no espazo (Room) sobre o que vai traballar. Antes de comezar a traballar é importante saber con qué materiais contamos, que o/a profesor/a pode seleccionar segundo o seu criterio.

Algunhas posibilidades:

- Cartolina
- Papel de cores
- Pasta de modelar
- Plastilina
- Témpera
- Acrílico
- Ceras de cores
- Cola branca

Ademais deste tipo de materiais propios do mundo da arte, o artista contemporáneo utiliza todo tipo de elementos como materia prima da súa obra. A arte contemporánea recorre a miúdo ao reciclado de obxectos e materiais de refugallo. Velaí algúns que poderíamos atopar sen dificultade:

- Cartón
- Xornais
- Obxectos comúns
- Revistas
- Restos de obxectos (xoguetes, obxectos de casa, etc)
- Restos de materiais (cortiza, plástica, algodón, corda, etc.)
- Restos de materiais de orixe natural (ramas, pedras, follas, area, etc.)

Para comezar dedicamos un tempo a pensar que é o que queremos facer e como o imos realizar. Imaxinemos que o noso espazo de traballo, a nosa caixa, simula un dos espazos que visitamos no MARCO. Interésanos decidir se imos dedicar o noso proxecto a un tema, se queremos que sexan os propios materiais os que se convertan en protagonistas da nosa obra...

Na realización do noso 'Mini-Room' podemos transformar a caixa con cores, e alterar a súa estrutura con novas paredes ou con novos elementos que nos axuden a contar ou a mostrar o que queremos. Unha vez decidido o que queremos facer seleccionamos o material básico para empezar a traballar. Durante o proceso irán xurdindo novas ideas que non temos por que descartar, xa que a obra irá tomando forma durante todo o proceso. Sexamos creativos e non poñamos límites á nosa imaxinación.

## 2. Imaxe - son

### Tipo de actividade

Creación dunha obra artística que combina elementos visuais e sonoros

### Duración

2 sesións de 50 minutos

### Descrición da actividade

Durante a visita ao MARCO aprendimos que os artistas contemporáneos se comunican co espectador a través de diferentes técnicas e materiais. Exploran diferentes medios para que o público sinta e experimente a súa obra. Unha das características da arte contemporánea é a liberdade para elixir como presentar a mensaxe ou tema da obra, explorando novas combinacións de materiais e técnicas.

Por exemplo, na obra de Teresa Margolles —unha das artistas da exposición do MARCO— a mensaxe chegábanos a través dunha instalación sonora, e non por medio de estímulos visuais, como acontece cunha pintura, escultura ou fotografía. É unha obra para ser escoitada e sentida a través do oído.

Nesta actividade propoñemos combinar dous medios de representación, para experimentar a sensación de oír e ver —ou mellor, escoitar e mirar— unha obra.

### **Desenvolvemento da actividade:**

Antes de comezar dividímonos en grupos de traballo de tres ou catro participantes. O/a profesor/a elixe **un son** co que vai traballar cada grupo. Realizada a selección e en función das idades do alumnado, poden conseguir o son eles mesmos, buscándoo en Internet ou gravándoo directamente co teléfono ou cunha gravadora.

Unha vez que cada grupo coñece o son co que vai traballar, propoñemos crear unha obra plástica que represente o que lles suxire ese son. Intentaremos que a selección de sons sexa o máis variada posible, tendo en conta as posibilidades que ofrecen para cada idade.

Algunhas posibilidades...

- Sons da natureza: mar, vento, choiva...
- Sons da cidade: rúa peonil, tráfico, industrias...
- Sons do colexio: patio, corredores, aula, entradas, saídas...
- Sons do mundo animal: paxaros, animais salvaxes, mascotas...
- Sons de filmes: efectos especiais, diálogos, escenas doutras épocas...
- Sons de casa: cociña, salón, xardín...
- Sons de persoas: discusións, diálogos, conferencias, emocións...
- Sons da televisión: series, documentais, informativos...
- Sons musicais

Unha vez definidos os sons de cada grupo, falaremos de todo o que poden suxerirnos, de onde podemos atopalos, a que se poden asociar, etc.

Cada grupo realizará unha obra na que o importante é a idea de combinar imaxe e son de forma libre: por exemplo representando o que oímos, ou coa idea de sentir máis a obra, ou combinando imaxe e son de forma que resulte sorprendente para o espectador. Cada grupo decidirá con axuda do/a profesor/a o sentido que quere dar a súa obra. Podemos orientar os participantes sobre as técnicas que poden empregar para a súa obra: pintura, colaxe, fotografía... ou tamén unha combinación de varias técnicas.

Para finalizar exporemos os traballos de cada grupo e reproduciremos os sons ante cada obra comentando e valorando o resultado: en qué medida o uso do son intensifica ou modifica as nosas sensacións?

## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, ou a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, á atención de

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento Didáctico  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)

Pedro A. Cordón Casais  
Asesor e autor do programa educativo